

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2023/19	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	11 de maio de 2023
Duración	Dende as 13:29 ata as 13:45 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 04.05.2023	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 04 de maio de 2023.	



Expediente 513/2023. Subvencións Directas ou Nominativas. CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A SAXOFONISTA ANA RIVAS GESTAL

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a traxectoria da música Ana Rivas Gestal tanto a nivel autonómico como nacional e a posibilidade de participar no Osaka International Music Competition.

Visto que é tarefa e obxectivo desta entidade local axudar á citada saxofonista a asumir os custes que supón para ela a participación no citado concurso internacional.

Visto o necesario apoio do Concello de Silleda a este tipo de iniciativas, para a promoción e difusión da música e da cultura.

Visto o informe de Intervención que obra no expediente

Visto o informe favorable da funcionaria do departamento municipal de Cultura, Turismo, Deporte e Comunicación

Visto o convenio proposto que se transcribe a continuación:

“CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A SAXOFONISTA ANA RIVAS GESTAL

En Silleda á data da sinatura electrónica

REÚNENSE

Dunha parte, D. Manuel Cuíña Fernández, actuando no seu nome e representación do Concello de Silleda.

*Doutra parte, a saxofonista Ana Rivas Gestal, con DNI ****412**.*

Dando fe do acto, a Secretaria Xeral da Corporación, Déborah García Suárez

As partes recoñécense a capacidade xurídica necesaria para subscribir o presente convenio e

EXPOÑEN:

Primeiro.- Finalidade e obxectivos.

Dada a traxectoria da saxofonista e a súa posibilidade de participar no Osaka International Music Competition, un recoñecido concurso de música clásica a nivel mundial, consideramos que debemos axudar a asumir os custes que supón para esta veciña a asistencia a dito concurso.

A participación no concurso supón uns gastos aproximados de 3664€, que sen dúbida son difíciles de asumir a nivel particular, incluso pese a axudas particulares a través de medios como o crowdfunding.

Concello de Silleda

Rúa do Trasdeza, 55, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021



Tendo en conta o interese do fomento da cultura, neste caso a música, consideramos necesaria a participación do Concello, cá finalidade de promocionar a unha música cunha importante traxectoria en festivais e concursos a nivel nacional, e que a participación neste concurso de Osaka, lle permitiría darse a coñecer tamén a nivel internacional.

A finalidade deste convenio é axudar na financiación dos custos que supón para a saxofonista poder participar no Osaka International Music Competition, para alcanzar o obxectivo de levar a nosa música a Xapón e obter un recoñecemento mundial no mundo da música.

Segundo.- Financiamento.

O proxecto será financiado con cargo a partida 334-48 por importe de 2.000 euros.

Terceiro.- Competencias municipais.

De conformidade cos artigos 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local os municipios exercerán en todo caso como propias, nos termos establecidos pola lexislación estatal e autonómica, competencias en materia de promoción da cultura.

Cuarto.-Natureza

O presente convenio ten natureza de convenio entre administracións públicas e suxeitos de dereito privado de conformidade co apartado 47.2 c) de la Lei 40/2015 e se realiza ó amparo da mesma.

Quinto.- Necesidade y oportunidade.

Este convenio ten como obxectivo regular a subvención nominativa aprobada polo Pleno da Corporación en data 30 de marzo de 2023, e publicada no anexo de subvencións nominativas no BOP de Pontevedra o 12 de abril de 2023, con cargo á partida 334-48.

Sexto.-Interpretación.

As dúbidas relacionadas co contido deste convenio serán interpretadas polo Alcalde do Concello de Silleda.

Así pois, de conformidade co anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

1.- Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito (art. 49 c) Lei 40/2015)

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o Concello de Silleda e a saxofonista Ana Rivas Gestal no fomento da Cultura silledense e na imaxe do Concello de Silleda en relación cá cultura.

2.- Obrigacións e compromisos económicos asumidos polo concello (art. 49 d) Lei 40/2015)



Mediante o presente convenio de colaboración acórdase a aportación de 2.000€ con cargo ao orzamento do Concello de Silleda.

3.-Consecuencias por incumprimentos das obrigas e compromisos asumidas polas partes (art. 49 e) de la Lei 40/2015)

O incumprimento por parte de calquera das partes das súas obrigas dará lugar la correspondente indemnización, sen prexuízo da posible resolución do mesmo de acordo co establecido na cláusula sétima.

4.- Réxime de modificación do convenio (art. 49.g) da Lei 40/2015)

A modificación do convenio requirirá acordo unánime das partes asinantes.

5.- Prazo de vixencia do convenio (art. 49.h) da Lei 40/2015)

O convenio estará vixente dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023

6.- Extinción (art.51 de la Lei 40/2015)

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia.
- O acordo unánime de todas as partes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade
- Calquera outra prevista nas leis.

7.- Efectos da resolución do convenio (art.52 de la Lei 40/2015)

Cando a extinción veña causada polo incumprimento dunha das partes esta deberá indemnizar ás restantes o dano causado.

8.- Obrigación de colaboración das partes.

As partes obríganse a colaborar no que fose necesario e a actuar de boa fe nas súas relacións recíprocas no que atinxe á execución do presente convenio.

9.-Obrigas da beneficiaria.

Son obrigas da beneficiaria:



- 1.- Realizar as actividades para as que se concede a subvención.
- 2.- Dar unha adecuada publicidade á actividade indicando que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Silleda.
- 3.- Xustificar perante o Concello de Silleda o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede a subvención.
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais
- 5.- Comunicar ao Concello de Silleda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- 6.- Acreditar con anterioridade a ditarse a resolución de concesión que se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- 7.- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- 8.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.
- 9.- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.
- 10.-Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda deste convenio), e que se realicen no prazo establecido.

Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención con anterioridade á finalización de período de xustificación.

11. Xustificación.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio da beneficiaria, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade da declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

Esta conta xustificativa deberá recoller:



1. *Facturas reglamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.*
2. *Unha memoria na que se declararán as actividades realizadas que foron financiadas coa subvención, e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos nos que incorra.*
3. *Certificado asinado polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.*
4. *Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*
5. *Certificado das subvencións e/ou concedidas para a mesma finalidade.*

Nesta conta xustificativa deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria.

Poderán presentarse ata dúas xustificacións parciais, ademais da xustificación final, sen posibilidade de prórroga.

12.-Publicidade.

1. O Concello de Silleda, terá a consideración de patrocinador institucional da saxofonista Ana Rivas Gestal, podendo utilizar dita denominación, así como o seu logotipo, en calquera das accións de comunicación que realice en relación co presente patrocinio.

2. - Publicidade en presentacións

A saxofonista garantirá que o Concello de Silleda, teña presenza publicitaria nas presentacións e actos públicos que leve a cabo, facendo mención do patrocinio oficial da citada entidade municipal en cantas entrevistas, presentación, roldas de prensa ou similares se convoquen.

4.- Accións publicitarias.

A autora beneficiaria desta axuda publicitará a marca "Silleda " sempre que sexa posible, nas actuacións que realice ao longo do ano 2023.

12.- Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa conforme ao disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes na execución do convenio e que non poidan ser resoltas na Comisión de seguemento prevista na cláusula 4, se someterán a xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público, así como calquera outra disposición que puidera resultar de aplicación.



As aportacións realizadas polo Concello rexeranse pola normativa reguladora das subvencións públicas.

En proba de conformidade, se formaliza e firma o presente convenio, en Silleda, á data da sinatura electrónica

Ana Rivas Gestal
Saxofonista

Manuel Cuiña Fernández
Alcalde Concello de Silleda

A Secretaria Xeral
Déborah García Suárez"

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA**:

PRIMEIRO: Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Silleda e a saxofonista Ana Rivas Gestal

SEGUNDO: Dar conta do citado acordo ao departamento de Intervención

Expediente 784/2023. Seleccións de Persoal e Provisións de Postos. EQUIPO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO PISCINAS DE SILLEDA E BANDEIRA 2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a autorización para a contratación anticipada concedida pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ao abeiro e de conformidade co establecido na ORDE do 13 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas Entidades Locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2023.

- Servizo subvencionado: EQUIPO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO PISCINAS DE SILLEDA E BANDEIRA 2023

- Importe total da subvención solicitada: 17.950,77€

Ocupación: socorrista

Duración do contrato: 3 meses a xornada completa

Grupo de Cotización: 2

Modalidade contratual: interese social

Vista a necesidade de contratar o persoal para o EQUIPO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO PISCINAS DE SILLEDA E BANDEIRA 2023

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na

Concello de Silleda

Rúa do Trasdeza, 55, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021



resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA:**

Primeiro: Proceder á convocatoria e aprobación das Bases que a continuación se transcriben, para a selección persoal para EQUIPO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO PISCINAS DE SILLEDA E BANDEIRA 2023, a xornada completa, mediante a modalidade de contrato de mellora da ocupabilidade e inserción laboral:

BASES PARA A SELECCIÓN PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO EQUIPO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO PISCINAS DE SILLEDA E BANDEIRA PARA O VERÁN DE 2023

1.- OBXECTO

É obxecto destas bases regular o procedemento para a selección de dúas persoas desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia para a súa contratación, mediante contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (contrato de traballo temporal con cláusulas específicas de traballos de interese social)

O número de persoas a contratar será o que se indica a continuación:

2 socorristas cun contrato temporal a xornada completa de 3 meses.

Data de inicio 23 de xuño de 2023. Data de remate 22 de Setembro 2023

Salario bruto (base cotización): 1.475,24€

Grupo de Cotización: 2

2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

Para optar ás prazas as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou nacional de calquera dos Estados aos que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén serán admitidas aquelas persoas ás que fai referencia o artigo 57, relativo ao acceso ao emprego público de nacionais doutro Estados, da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que se aspira, non padecendo enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que lle son propias. No caso de ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante certificado médico. No caso de que se teña condición de discapacitado e a súa compatibilidade, acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

d) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das



Administracións públicas nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non estar sancionado por causas establecidas na Lei 26/2015 de 28 de xullo, para o que presentará a Certificación Negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais.

f) Deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados que estean dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato

g) Ás persoas que fosen contratadas, por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022, pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas na ORDE do 13 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023.

h) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B1 e dispor de vehículo.

i) Estar en posesión do TÍTULO OFICIAL DE SOCORRISTA ACUÁTICO OU TITULACIÓN EQUIVALENTE QUE A ENGLÓBE, que se deberá acreditar mediante documentación oficial e inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia de conformidade co disposto no Decreto 104/2012, do 16 de marzo. No caso de comunitarios ou estranxeiros a titulación haberá de estar validada polo órgano competente.

3- PARTICIPACIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

De acordo ao estipulado na ORDE do 13 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023, a convocatoria será realizada a partir da Oferta de Emprego entre os desempregados/as, inscritos/as na Oficina do Servizo Público de Emprego de Lalín.

Aquelas persoas seleccionadas polo Servizo Público de Emprego, deberán presentar a documentación no Rexistro Xeral, en horario de 9 a 14 horas en días laborais, ou na sede Electrónica de Silleda do Concello de Silleda, no prazo de 2 días hábiles a contar desde a data indicada na carta que lles remitiu o antedito Servizo.

As solicitudes deberán axustarse ao modelo oficial que será facilitado polo Concello. (Achégase como Anexo I modelo de instancia).

Finalizado o prazo de presentación de instancias, farase pública na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, e no Taboleiro de Edictos deste Concello a lista provisional aprobada de persoas aspirantes admitidas e excluídas, concedéndose un prazo de 3 días hábiles para presentar reclamacións ou emendar deficiencias. Emendadas ou non as deficiencias das



solicitudes, e, examinadas no seu caso as reclamacións presentadas en prazo, resolverase definitivamente pola Alcaldía, e farase pública a relación definitiva de admitidos e excluídos.

A convocatoria do proceso selectivo, a admisión e exclusión de aspirantes, a composición do Órgano de Selección e os sucesivos anuncios do Órgano de Selección que desenvolvan esta convocatoria ata finalizar o proceso de selección, publicaranse na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, e no Taboleiro de Edictos

4.-DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

No prazo estipulado para a presentación de instancias previsto, e acompañando a esta, as persoas aspirantes deberán presentar copia dos seguintes documentos:

- a) Título Oficial de Socorrista Acuático ou equivalente homologado.
- b) Acreditación e inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas.
- c) Certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.
- d) Fotocopia do DNI
- e) Fotocopia do carné de conducir.
- f) Copia da tarxeta de demanda de emprego actualizada.
- g) Certificados correspondentes aos méritos alegados.
- h) Declaración responsable ás que se refire o apartado 2 das presentes bases.

5.- COMPOSICIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN

O órgano de selección estará constituído da seguinte forma, TITULARES:

Presidente: Leopoldo Moure Dopico, Interventor Municipal
1º Vogal: Rosa García Fernández, funcionaria do Concello de Silleda
2º Vogal: José Manuel Espiño Fernández, funcionario do Concello de Silleda
3º Vogal: Susana Framiñan Ramos, funcionaria do Concello de Silleda
Secretario: David García Lareo, funcionario do Concello de Silleda

SUPLENTES:

Presidente: Juan Carlos Peteiro Rodríguez, funcionario Municipal
1º Vogal: Soledad Rey Asorey, funcionaria do Concello de Silleda
2º Vogal: Sara Blanco Gil, funcionaria do Concello de Silleda
3º Vogal: Lino Doporto Framil, funcionario do Concello de Silleda
Secretario: Julio Méndez Castro, funcionario do Concello de Silleda

Todos os membros do órgano de selección teñen voz e voto. Todos eles deberán cumprir cos perfís de imparcialidade, profesionalidade e especialidade inspiradores do Estatuto Básico do



Empregado Público, e deberán absterse nos casos previstos na lei 39/2015. Así mesmo poderán ser recusados nos supostos regulados na mesma Lei.

O Órgano de Selección non poderá constituírse nin actuar sen a presenza da maioría dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. As decisións adoptaranse por maioría e as súas actuacións terán o carácter de órgano colexiado, levantándose acta de todas aquelas reunións que manteña.

O Tribunal poderá solicitar ser asistido por especialistas no desenvolvemento de determinadas probas, sen que en ningún caso teñan facultades de cualificación e resolución, senón só de colaboración e proposta. O seu nomeamento deberá facerse público.

6. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

Farase a través do sistema de concurso-oposición, porque é o máis adecuado para seleccionar ao profesional máis cualificado para o desempeño do posto.

Unha vez valoradas as probas propóranse as persoas candidatas para os postos de traballo en función das puntuacións obtidas.

A puntuación do Concurso- oposición, será de 10 puntos, 6 puntos corresponderán á fase de oposición e 4 puntos á fase de concurso

6.1 FASE DE OPOSICIÓN.-

A proba de oposición consistirán na superación do seguinte exercicio, eliminatorio e obrigatorio:

Exercicio.- consistirá en contestar un cuestionario tipo test de DEZ (10) preguntas con respostas alternativas, sendo só unha a correcta, mais tres preguntas de reserva, que serán tidas en conta no caso de que haxa que anular algunhas das preguntas.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de TRINTA (30) minutos. O exercicio cualificarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario obter un mínimo de cinco (5) puntos para superalo.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición as que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados libremente polo Tribunal.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas opositoras, membros do Órgano de selección e os colaboradores designados por este. O Tribunal, de contar cos medios oportunos, tratará de manter o anonimato dos aspirantes na realización e corrección dos exercicios escritos.

6.2 FASE DE CONCURSO. -

A fase de concurso consistirá na valoración dos méritos alegados polas persoas aspirantes que



superaron a fase de oposición.

Valoraranse os méritos determinados a continuación que sexan alegados e plenamente xustificados polas persoas aspirantes no momento de presentación da instancia para participar neste proceso selectivo.

Puntuarase de acordo co seguinte baremo e ata un máximo de catro puntos. (4,00 puntos).

1.- Colectivos con especiais dificultades de inserción laboral. Máximo 1,6 puntos:

- Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero. Esta condición valorarase mediante informe dos Servizos Sociais do concello ao que pertenza a candidata (0,20 puntos)

- Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional. (0,20 puntos)

- Persoas paradas de longa duración. (0,20 puntos).

- Persoas con discapacidade.(0,20 puntos).

- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. (0,20 puntos).

- Persoas desempregadas maiores de 45 anos. (0,20 puntos).

- Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.(0,20 puntos).

- Persoas candidatas con existencia de cargas familiares.(0,20)

A permanencia en situación de desemprego acreditarase mediante documento acreditativo de períodos de desemprego, emitido pola Oficina de Emprego. Unicamente se terá en conta o último período de permanencia nesta situación.

2) Participación en cursos ou xornadas, outorgados por organismos oficiais, sempre que teñan relación directa coas actividades a desenvolver no posto de traballo ao que se opta (Máximo de 2,40 puntos).

Cursos de máis de 50 horas..... 0,50 puntos/curso

Cursos de entre 21-49 horas..... 0,20 puntos/curso

Cursos de menos de 20 horas..... 0,10 puntos/curso

A formación acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados ou diplomas acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.



Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

7.- CUALIFICACIÓN DAS PROBAS E PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR

O mesmo día da realización do exercicio da fase de oposición o Tribunal fará público o cadro coas respostas correctas mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Silleda, na súa páxina web e na sede electrónica.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles a contar do día seguinte da publicación do cadro de respostas correctas, para a presentación de reclamacións.

Si o órgano de selección de oficio ou en base ás reclamacións presentadas, anulase algunha/s das preguntas incluídas nun exercicio, anunciarao publicamente no taboleiro de Anuncios do Concello, na súa páxina web e sede electrónica, xunto coa relación das persoas aspirantes coas puntuacións obtidas, determinando quen terá a consideración de apto ou non apto, sendo neste último caso eliminadas do proceso selectivo. Contra tal acordo poderá interpoñerse recurso de alzada, consonte ao disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 LPAC.

O Tribunal fará pública a relación das persoas aspirantes que superaron esta fase, pola orde de puntuación total obtida na mesma.

Posteriormente o Tribunal fará pública a relación de puntuacións obtidas na fase de concurso, con indicación expresa da cualificación obtida en cada un dos méritos obxecto de valoración.

Tras o prazo de solicitudes de revisión (3 días naturais) publicarase o resultado definitivo.

Concluídas ambas fases, o Tribunal fará público nos medios indicados o acordo definitivo sobre as cualificacións finais, que será a resultante de sumar á puntuación obtida na fase de oposición, a puntuación obtida na fase de concurso. No mesmo acordo designaranse ás persoas candidatas seleccionadas, que serán aquelas que alcancen a maior puntuación.

Non se poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes superior ao das prazas convocadas.

Así mesmo publicarase a proposta de integración en Bolsa de Reserva, para os casos de baixa ou renuncia por parte dalgún das persoas candidatas que superaron o proceso selectivo por orde de puntuación.

8.- CONTRATACIÓN E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

8.1.- As persoas seleccionadas deberán aportar antes da normalización do contrato a seguinte documentación, sempre que non a tivesen presentado con anterioridade:

- Título ou documento, cotexado, esixido para participar no proceso selectivo.*
- Declaración responsable de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.*



-Declaración responsable de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ao momento de toma de posesión.

-Certificación acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento da súa función.

- Certificado do número de conta bancario para realizar o ingreso da nómina

- Copia tarxeta da Seguridade Social.

-Certificación Negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

8.2.-As persoas que non presenten a documentación esixida (non sendo por causa de forza maior), non poderán ser nomeados e quedarán anuladas todas as súas actuacións sen prexuízo doutras responsabilidades nas que puidesen incurrir.

9.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS

Finalizada a selección formalizarase o oportuno contrato laboral temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral

10.- PUBLICIDADE

As presentes Bases publicaranse, integramente no Taboleiro de Edictos e na Sede Electrónica do Concello de Silleda.

Os posteriores anuncios que desenvolvan este proceso selectivo publicaranse no Taboleiro de Edictos, situado na planta baixa do edificio da Casa Consistorial e na e na Sede Electrónica.

11.- INCIDENCIAS

O Órgano de Selección queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases e sempre que non se opoñan ás mesmas. No caso de que durante a celebración das probas selectivas obsérvese polo Tribunal que algún persoas aspirantes non reúne un ou máis requisitos esixidos na convocatoria, poderá propoñer ao Sr. Alcalde Presidente o seu exclusión das probas, previa audiencia ao interesado.

12.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O tratamento dos datos persoais levarase a cabo segundo o establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Datos de Carácter Persoal, así como no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento de devandita Lei Orgánica.

13.- RECURSOS

As presentes Bases poderán ser impugnadas polas persoas interesadas, mediante recurso potestativo de reposición, ante a Alcaldía no prazo dun mes, a contar desde o seguinte ao da



publicación na páxina web do Concello de Silleda, segundo dispoñen os artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, e, no seu caso, contra a Resolución expresa ou presunta do mesmo, poderán interpoñer no seu momento o oportuno recurso contencioso-administrativo.

Así mesmo, contra a presente convocatoria poderase interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo directamente, no prazo de dous meses, a contar desde o seguinte á publicación da convocatoria nos medios expresados no anterior parágrafo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo que corresponda de Pontevedra, de conformidade co previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Os demais actos administrativos que se deriven da presente convocatoria, da actuación do Tribunal poderán ser impugnados polos interesados nos casos e forma previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA O POSTO SUBVENCIONADO DE EQUIPO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO PISCINAS DE SILLEDA E BANDEIRA PARA O VERÁN DE 2023"

Dº./Dna. _____, con D.N.I.
nº: _____, e domicilio a efectos de notificacións
en _____

C.P. _____, teléfono de contacto _____ correo-
e _____

EXPÓN:

Que ten coñecemento da convocatoria pública efectuada polo Concello de Silleda e desexa participar na selección para a realización do servizo denominado " EQUIPO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO PISCINAS DE SILLEDA E BANDEIRA PARA O VERÁN DE 2023"

Para ese efecto fai constar:

Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base segunda da convocatoria e que coñece e acepta as bases da convocatoria

Que aporta a seguinte documentación:

- Solicitud de participación anexas ás Bases
- Título Oficial de Socorrista Acuático ou equivalente homologado.
- Acreditación e inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas.
- Certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.
- Fotocopia do DNI
- Fotocopia do carné de conducir.



- Copia da tarxeta de demanda de emprego actualizada.
- Certificados ou diplomas correspondentes aos méritos alegados.
- Declaracións responsable ás que se refire o apartado 2 das presentes bases.

SOLICITA:

Ser admitido/a a participar na presente convocatoria.

O/A abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade que son certos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases.

En Silleda, de de 2023

Asdo.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA

ANEXO II .- DECLARACIÓN RESPONSABLE

D^o./D^a:-----, con D.N.I. n^o
-----, e enderezo a efectos de notificacións en-----

Teléfono de contacto: ----- correo-e:-----

EXPÓN:

Que participa na convocatoria "EQUIPO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO PISCINAS DE SILLEDA E BANDEIRA PARA O VERÁN DE 2023"

Que por isto, e para poder formalizar o contrato de traballo,

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Silleda, de de 2023

Asdo.:



SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA

Expediente 793/2023. Aprobación facturas maio 2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación dos gastos correspondentes ás facturas que a continuación se relacionan:

Núm.Documento	terceiro	Descrición	Importe
2301022227	ADIF	304270 SILLEDA ALQUILER TERRENO	2.541,00
AIG230191	AIG EUROPE S. A. SUCURSAL EN ESPAÑA	EA20AP1000-08/01/2023-08/01/2024	2.271,15
126/23	ALUMINIOS MATO, S. L.	REPARACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE LARO	181,50
23157	AMBULANCIAS DO NORDÉS, S. L.	AMBULANCIA SOPORTE VITAL BÁSICO (SVB) TIPO B. EVENTO: TO	725,00
23191	AMBULANCIAS DO NORDÉS, S. L.	2 AMBULANCIAS SOPORTE VITAL BÁSICO (SVB) TIPO B + 1 MÉDI	1.290,00
A 48	ARCOLAR 2000, S.L.	MATERIAL OBRAS	31,46
23/T28006	ARGUIZ CARAMÉS , MARÍA OLGA	PREMIO CARNABARES	249,00
23/T28091	ARGUIZ CARAMÉS , MARÍA OLGA	PREMIO FOTOS CARNABARES	251,00
1202	ARLIT DISEÑO E IMPRESIÓN, S. L.	Talonnarios Carboeiro. Primeira hoja 50 hojas de láminas a	1.318,90
C2	ARMERÍA BERGANTIÑOS, S. L.	BALAS 9MM PARABELLUM (SELLIER BELLOT)	509,89
202323A05006	AUTOCARES LAZARA, S.A.	29/04/23 Servicios prestados autocar a Cantabria Coral P	2.497,00
20231040127	AUTOCARES RÍAS BAIXAS, S. L.	22/04/2023 9608JHT SILLEDA - GETAFE (MADRID) E VOLTA O	3.200,00
20230A000501	AUTOS SILLEDA, S. L.	REPARACIÓN DE VEHÍCULOS	370,93
23F0341S00000162	AVORIS RETAIL DIVISIÓN, S. L. AGENCIA DE VIAJES	[Serv. vario: ACTIVIDADES & EXCURSIONES VIAJES INTER	575,00
C232	BAÍA EDICIÓNS A CORUÑA, S. L.	DOCUMENTO ORIGEN,REFERENCIA EDITORIAL,POLA NOITE,NO BOSQ	75,10
1074231300184	BAYGAR, S.L.	ACEITE REPSOL GIANT 7530 DIESEL TURBO THPD 15W40,RODAMIE	526,19
1068231101388	BAYGAR, S.L.	RACOR GIRATORIO PLATO ROTATIVO INOX,BOQUILLA DE PRESION	437,26
1068231101485	BAYGAR, S.L.	SEÑAL INFO/ORIENTACION 30x95cm N1-FLECHA,POSTE GALVA FRI	392,00
Face-23-8	BELAGUA EDICIONES Y COMUNICACIÓN, S. L.	O xardín das sete portas,O pesadelo de Mateo	34,85
06/2023	CACHAFEIRO LÓPEZ , FRANCISCO	REPARAR PORTA TRASEIRA CAMIÓN	525,00
07/2023	CACHAFEIRO LÓPEZ , FRANCISCO	REPARACIÓN FAROLAS	375,00
09/2023	CACHAFEIRO LÓPEZ , FRANCISCO	REPARAR E PINTAR CONTENEDOR DE LIXO	402,00



2308600058112	CANON ESPAÑA, S. A. U.	Total Small Color (123) 161534 165256 M_IRADVC5550I XVC1	430,11
2308600058196	CANON ESPAÑA, S. A. U.	CANON RENT M_IRADVC5550I XVC14096 20230301 20230331	660,12
2308600057662	CANON ESPAÑA, S. A. U.	Total Small Color (123) 186617 193798 M_IRADVC5550I XVC1	233,48
2308600059205	CANON ESPAÑA, S. A. U.	CANON RENT M_IRADVC5550I XVC13391 20230301 20230331	241,88
2308600070915	CANON ESPAÑA, S. A. U.	Total Small Color (123) 165256 168048 M_IRADVC5550I XVC1	327,40
2308600076765	CANON ESPAÑA, S. A. U.	Total Small Color (123) 193798 198263 M_IRADVC5550I XVC1	150,97
2308600074772	CANON ESPAÑA, S. A. U.	CANON RENT M_IRADVC5550I XVC13391 20230401 20230430	241,88
2308600075089	CANON ESPAÑA, S. A. U.	CANON RENT M_IRADVC5550I XVC14096 20230401 20230430	660,12
131-23	CARMEN HERNÁNDEZ RUBIO , MARÍA DEL	IMPRESIÓNS DE PLANOS	100,98
15	CARPINTERÍA SAN JOSÉ SENRA, S. L.	ARREGLO TEIRO CENTRO SOCIAL DE TOXA	2.262,70
10/67784	CODROGA, S.L.	PRODUCTOS DE LIMPEZA	597,97
10/67823	CODROGA, S.L.	MATERIAL PARA O SAF	596,53
23_21	COLLAZO GÓMEZ , CRISTINA	ESTREA FRIDA NO AUDITORIO DE BANDEIRA	1.694,00
Emit-3	COMUNIDAD DE PROPIETARIOS EDIFICIO OLAIA	GASTOS 1ºTRIMESTRE 2023	223,72
Emit-4	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO ZURBARÁN	TRIMESTRE SEGURO COMUNITARIO Y LIMPIEZA CANALONES	224,54
E FRA 2310	CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO, S. L.	SUJECCION DE CONTENEDOR EN SACHOCOS , SILLEDA, FERRO SUJE	822,80
E FRA 2311	CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO, S. L.	REALIZACIÓN DE PASE EN CARRETERA DE GRABA , DIRECCIÓN SA	1.234,20
06B-230086	COREGAL PARQUES E XARDINS S.L.	UD. MANTENIMIENTO PARQUES E XARDINS DO CONCELLO DE SILLE	4.295,50
18	CORNOVA INGENIERÍA DE AGUAS, S. L.	ASISTENCIA TÉCNICA EDAR SILLEDA E BANDEIRA	3.159,31
Emit-9	CORNOVA INGENIERÍA DE AGUAS, S. L.	BOMBA TABOADA	17.017,44
011230602	DIGAMEL S.A.	MATERIAL ELECTRICIDADE	65,95
011230697	DIGAMEL S.A.	MATERIAL ELECTRICIDADE	411,21
022023/02/58	ECOCOMPUTER, S. L.	2203000020 - ACTAIS TA-Servicio integral control horario	358,57
CP6	EDICIONES BOLANDA, S. L.	OS BOLECHAS .XOGAN AO FUTBOL, OS BOLECHAS.FAN ATLETISMO, O	28,00
FO/01/23000072	ELECTRODOMÉSTICOS BANDEIRA, S. L.	DESHUMIDIFICADOR PARA AUDITORIO DE BANDEIRA	215,00
FO/01/23000057	ELECTRODOMÉSTICOS BANDEIRA, S. L.	EQUIPO DE MÚSICA PARA CENTRO SOCIAL DE MAIORES DE SILLED	1.089,00
FO/01/23000073	ELECTRODOMÉSTICOS BANDEIRA, S. L.	EQUIPO DE MEGAFONÍA PARA CAMPO DE FÚTBOL DE BANDEIRA	2.990,00
2023202308535	ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN, S. A.	SERVICIOS TECNOLOGÍA GESTIONA: COMUNICA	3.224,31



Emitida26	FAUSTO DESEÑO ASOCIADOS, S. L.	Camiñamos para parar	15,00
1263	FEDERACION GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVIN	Cota anual de asociado á Federación Galega de Municipios	372,75
A/155	FERRETERÍA BANDEIRA, S. L.	PREMIO FESTA DA ROSQUILLA	75,00
240/23	FERRETERIA VALIÑO, S. L.	MATERIAL SERVIZO DE AUGAS	45,01
238/23	FERRETERIA VALIÑO, S. L.	SUMINISTRO MATERIAL	1.603,47
238/24	FERRETERIA VALIÑO, S. L.	RC VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL	6.035,78
20230144	FIGUEROA FERNÁNDEZ , RICARDO	GASTOS CELEBRACIÓN IV CARREIRA DE ORIENTACIÓN	2.234,75
R202378	FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE	Cota 2023 Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	732,41
FB2023/A024	FORJADOS BREY, S.L.	MATERIAL OBRAS	1.458,53
34/2023	FUERTE CASAL , LIDIA	PROGRAMA ANDURIÑA	990,00
35/2023	FUERTE CASAL , LIDIA	PROGRAMA ACTÍVATE	90,00
1/2023	GARCÍA SÁNCHEZ , ANTONIO	PINTADO NO CENTRO SOCIAL DE TOXA	1.113,20
SISI-83	GENERAL DE HORMIGONES S.A.	HA25B20IIa,Carga Incompleta,Gestión de residuos	542,83
2023038	GÓMEZ MOREIRA , JOSÉ ANTONIO	MATERIAL PARA A BIBLIOTECA	1.730,30
2023039	GÓMEZ MOREIRA , JOSÉ ANTONIO	PROGRAMA MAIS VIOLETA	2.916,10
F/0022	GRUAS SILLEDA S.L.	HORAS DE PLUMA CON CESTA PARA PODA	580,80
F23644	HERMANOS VILLAR A.U., S.L.	MANO DE OBRA,Filtro de aire,Bujía Ngk Cmr6H,-----	40,97
U21912	IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.	REC - REC - Reconocimiento medico realizado a los trabaj	1.246,20
179	INSTALACIÓN ELÉCTRICAS LUIS CORNADO, S. L.	REPARACIÓN CABLE ALUMEADO RÚA MORÓN	1.972,38
P23001758	LA VOZ DE GALICIA S.A	PUBLICIDADE	302,50
Emit-245	LAMA ABOGADOS, S. L. P.	FASE PERSONAMIENTO RCA 46/2023 JUZGADO CA Nº 3-PONTEVED	1.815,00
61	LÓPEZ ROMERO , SILVIA	MATERIAL OFICINA	12,55
73	LÓPEZ ROMERO , SILVIA	MATERIAL PARA A POLICÍA LOCAL	22,00
5	M. ÁNGEL SERVIDE AGRA	PINTADO CASA DO CAMINERO	1.481,00
2023-15	MARÍA LUISA PIERRES LÓPEZ	SERVIZO DE ASESORAMENTO AXUDAS SUBVENCIÓN VIVENDA	1.718,20
3 000007	MARIO RODRÍGUEZ FEIJOO	FIGURA ÁRBORE CERÁMICA ASOCIACIÓN AMIGOS DA EMPANADA	617,10
Emit-192	MIBASA. MINAS DE BANDEIRA, S.A.	Grava e zorra	13.364,66
Emit-209	MIBASA. MINAS DE BANDEIRA, S.A.	ZAHORRA DE ANF SERVICIOS DE VIAS Y OBRAS	767,38
59	NAVICEIRO, S. L.	RECOLLIDA PUNTO LIMPO	375,10
38	NAVICEIRO, S. L.	RECOLLIDA CONTEDORES PUNTO LIMPO	375,10
CR-179	NEUMATICOS DEZA, S. L.	CUBERTAS PARA VEHÍCULOS	214,51
Ayunt. Silleda 3023	NOROINSTAL, S. L.	Instalacion motivos navideños	5.880,29



Emit-353	NOVO PEREZ , CELSO	ARREGLOS CENTRO CULTURAL DE CORTEGADA	6.933,30
0333-23	NÚÑEZ FIUZA , MANUEL	PUBLICIDADE EL PERIÓDICO	363,00
OFFV23694	OFIREYCO, S. L.	PAPEL A4 NAVIGATOR ECO-LOGICAL 75g 500h,CAJA para ARCHIV	650,92
OFFV23695	OFIREYCO, S. L.	PAPEL A4 NAVIGATOR ECO-LOGICAL 75g 500h	128,56
OFFV23696	OFIREYCO, S. L.	PAPEL A4 NAVIGATOR ECO-LOGICAL 75g 500h,PAPEL A3 NAVIGAT	317,75
335	PÉREZ FERNÁNDEZ , CRISTINA	CONCURSO SILLEDA FAI NADAL	200,00
2023-C-3	PIÑEIRO PUB, S. L.	DEPARTAMENTO DE CULTURA,ACTUACION DE DJ Y DUO EN GRABA-S	1.452,00
03/23	PORTAS ULLOA , RAISPORT. RAIMUNDO	2º PREMIO CARNABARES 2023	15,00
06/23	PORTAS ULLOA , RAISPORT. RAIMUNDO	1º PREMIO FESTA DA ROSQUILLA DE ABADES	82,65
5626202368000405	PROBISA. PRODUCTOS BITUMINOSOS, S. L. U.	MEZCLA BITUMINOSA EN FRÍO SILICEA F,MEZCLA BITUMINOSA EN	2.926,17
5626202368000460	PROBISA. PRODUCTOS BITUMINOSOS, S. L. U.	MEZCLA BITUMINOSA EN FRÍO SILICEA F,MEZCLA BITUMINOSA EN	5.408,22
5626202368000533	PROBISA. PRODUCTOS BITUMINOSOS, S. L. U.	MEZCLA BITUMINOSA EN FRÍO SILICEA F,MEZCLA BITUMINOSA EN	2.723,81
5626202368000547	PROBISA. PRODUCTOS BITUMINOSOS, S. L. U.	MEZCLA BITUMINOSA EN FRÍO SILICEA F	861,37
Emit-1004	PRODUCCIONS TEATRAIS EXCÉNTRICAS S.L.	O PORCO DE PÉ EN SILLEDA O 23 DE ABRIL DE 2023.	1.573,00
Emit-1005	PRODUCCIONS TEATRAIS EXCÉNTRICAS S.L.	DOTACIÓN TÉCNICA DE O PORCO DE PE EN SILLEDA O 23 DE ABR	605,00
B/18551	PROFECON - FERNANDEZ Y MONTOTO, S. L.	ALUGUER PLATAFORMA PARA CAMPO DE FÚTBOL DE BANDEIRA	297,66
F001935	PROINDEX, S. L.	CARRO NICK PLUS 110 REF. 00006549	288,46
23ZNX0049558	QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S. A. U.	TAD Diputación de Pontevedra - CONCELLO SILLEDA. Titular	453,81
B/3.483	RECAMBIOS CAMPAZA, S. L.	MATERIAL MANTENIMENTO	31,50
B/4.017	RECAMBIOS CAMPAZA, S. L.	MATERIAL SUMINISTRADO	131,30
202303116	REDES DE TELECOM. GALEGAS RETEGAL, S. A.	60 - Servizos RESGAL,60 - Servizos RESGAL	291,14
01/369747	RESTAURANTE CHOUSIÑO, S. L.	PINCHOS ESTABILIZACIÓN	290,00
01/346914	RESTAURANTE CHOUSIÑO, S. L.	FRA. DE COMIDAS	192,00
1308	RIÁDIGOS CARDIGONDE , BELÉN	SERVIZOS PRESTADOS NO CENTRO SOCIAL	112,00
BNE23005	RINOCERONTE EDITORA, S. L. U.	Código de Hammurabi e outras compilacións legais de proc	44,00
A230404	SERVICAL NOROESTE, S. L.	Intervención en Casa dos Camiñeiros (Bajo),PLACA OMNICAR	1.348,63
1 049394	SILCLASA, S. L.	FAROL FERNANDIÑO	296,45
//15	SOBRADO CONDE , REBECA	TALLER DE MUSICOTERAPIA XERONTOLÓXICA. CONCELLERIA DE BE	1.881,00
4003671971	SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAF SA	Carta Certificada Jd GE 0 - 20 gr N D2(RESTO) G-0,Carta	294,87
2023/0771	SOGAMA. SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIEN	Tratamiento RU Mes Marzo 2023,Bonificación	15.921,18



1.327	SOTO ROZADOS , JOSÉ ANTONIO	ALUGUER MAQUINARIA DE OBRAS	163,35
159923000002183	SUPERVISION Y CONTROL, S.A.	Estación: LALIN, Matrícula: 9708DWZ, Estación: LALIN, Mat	244,81
Emit 23 16	SUSANA DOMÍNGUEZ CERDEIRAS	CONCURSO SILLEDA FAI NADAL	500,01
56	TALLER OTERO, S. C.	REPARACIÓN MAQUINARIA	569,76
50	TALLER OTERO, S. C.	REPARACIÓN MAQUINARIA	897,40
172023172023	TECNICAS & GRAMAXE, S. L.	ADQUISICION 50 LIBROS A LAGOA MAIS FERMOZA DE TODALAS LA	832,00
182023182023	TECNICAS & GRAMAXE, S. L.	100 LIBROS ANTON E A MOURA DO LEMIEIRO DE VIANA	1.500,00
C2300304	TOCA SALGADO, S. L.	CAMBIO CISTERNA 12 M3, LODOS DEPURADORA URBANA, CAMBIO CON	5.053,23
001-1-04/1	TOVI, S. L.	PREMIO FESTA DA ROSQUILLA	75,00
37T-23	TRABEDOURO, S. L. P.	HONORARIOS PROXECTO DE DERRUBO EDIFICACIÓN BANDEIRA	3.025,00
36T-23	TRABEDOURO, S. L. P.	HONORARIOS PROXECTO REFORMA VESTIARIO C FÚTBOL SILLEDA E	3.327,50
43 2714	ULLA OIL S.L.	COMBUSTIBLE CENTRO MÉDICO BANDEIRA	990,00
SI 202311	UTE SILLEDA SOSTIBLE	SERVICIOS DE RECOGIDA Y TRANSPORTE DE RSU MARZO	32.757,09
SI 202315	UTE SILLEDA SOSTIBLE	SERVICIOS DE RECOGIDA Y TRANSPORTE DE RSU	32.757,09
04000030	VEGO SUPERMERCADOS, S. A. U.	SUMINISTROS SERVIZOS SOCIAIS	164,77
05000001	VEGO SUPERMERCADOS, S. A. U.	SUMINISTROS PARA DEPORTES	312,00
04000029	VEGO SUPERMERCADOS, S. A. U.	SUMINISTROS CANGURAXE	44,00
04000031	VEGO SUPERMERCADOS, S. A. U.	SUMINISTROS SERVIZOS SOCIAIS	231,26
04000032	VEGO SUPERMERCADOS, S. A. U.	SUMINISTROS SERVIZOS SOCIAIS	54,99
Emit 233	VILLANUEVA CANDA , ANGEL	Concexalía de Educación do Concello de Silleda; OBRA: Mu	1.754,50
Emit 23 4	VILLANUEVA CANDA , ANGEL	OBRA: CLUBE SOCIAL DE SAIDRES; Pintado local interior, b	1.902,12
Emit 23 5	VILLANUEVA CANDA , ANGEL	Concexalía de Cultura do Concello de Silleda; OBRA: PINT	2.057,00
TOTAL			248.405,42

Expediente 810/2023. Omisión Maio 2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA, en virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1, s) da Lei de Bases do Réxime Local,

Concello de Silleda

Rúa do Trasdeza, 55, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021



O artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local ven establecer baixo o epígrafe “De la omisión de la función interventora” un sistema que presenta elementos comúns con co establecido nos artigos 26.2.b) e 60.5 do RD 500/90, que regulan o recoñecemento extraxudicial de créditos e os sistemas de convalidación de gastos autonómico e estatal.

O punto de partida é , de acordo co apartado primeiro:

“En los supuestos en los que, con arreglo a lo dispuesto en este Reglamento, la función interventora fuera preceptiva y se hubiese omitido, no se podrá reconocer la obligación, ni tramitar el pago, ni intervenir favorablemente estas actuaciones hasta que se conozca y resuelva dicha omisión en los términos previstos en el presente artículo”

Tal é o caso das seguintes facturas, das que consta a realización do servizo por prezo axeitado a mercado:

Núm. Documento	Nom terceiro	Descrición	Importe
Emit-10	BORRAGEROS LÓPEZ , XESÚS	Servizo de atención ao público no Mosteiro de Carboeiro	1.743,61
Emit-15	BORRAGEROS LÓPEZ , XESÚS	Servizo de atención ao público no Mosteiro de Carboeiro	1.743,61
FE20235100948281	CHC ENERGIA, S. A.	Potencia P1,Alquiler de equipos,Descuento Energia Activa	135,08
FE20235100948278	CHC ENERGIA, S. A.	Potencia P1,Alquiler de equipos,Descuento Energia Activa	598,48
FE20235100948280	CHC ENERGIA, S. A.	Descuento Energia Activa P1,Potencia P1,Energia Activa P	304,19
FE20235100948283	CHC ENERGIA, S. A.	Potencia P1,Alquiler de equipos,Descuento Energia Activa	49,08
FE20235100948282	CHC ENERGIA, S. A.	Mecanismo de Ajuste P1,Descuento Energia Activa P1,Poten	85,84
FE20235100948279	CHC ENERGIA, S. A.	Potencia P1,Mecanismo de Ajuste P1,Alquiler de equipos,I	40,20
FE23137002795365	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S. A.	Importe por peajes de transporte y distribución y cargos	5.459,09
FE23137005845935	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S. A.	Importe por peajes de transporte y distribución y cargos	3.719,56
FE23137005132342	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S. A.	Importe por peajes de transporte y distribución y cargos	2.216,52
Emit-1596	CONTALOCAL S.L.	Mantenimiento informatico, contable y web abril	917,88
2300211	ESTACION DE SERVICIO DE SILLEDA	COMBUSTIBLE SERVICIO DE AUGAS	96,34
2300254	ESTACION DE SERVICIO DE SILLEDA	COMBUSTIBLE VEHÍCULOS MUNICIPAIS	2.873,93
2300198	ESTACION DE SERVICIO DE SILLEDA	COMBUSTIBLE VEHÍCULOS MUNICIPAIS	2.579,83
A23878	GESTCALOR, S. L.	MANTENIMIENTO MENSUAL SALA OCTUBRE-DICIEMBRE 2.022,MANTE	1.385,12
MARZO 2023	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA	FACTURACIÓN ELECTRICIDADE	45.311,59



	COMERCIALIZADORA, S. L.	MARZO 2023	
F2023013413	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA, S. L.	FRA. ELECTRICIDADE BOMBEO RÍO TOXA	126,72
F2023012741	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA, S. L.	FRA. ELECTRICIDADE ETAP BANDEIRA	85,80
F2023011745	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA, S. L.	FRA. ELECTRICIDADE ETAP SILLEDA	78,29
F2023011113	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA, S. L.	FRA. ELECTRICIDADE CLORADOR SIADOR	7,57
C230855	LIMPIEZAS FARO, S. L.	PERIODO DEL 24/03/2023 A 31/03/2023,LIMPIEZA POR SUSTITU	693,62
C230854	LIMPIEZAS FARO, S. L.	PERIODO DEL 01/03/2023 A 31/03/2023,LIMPIEZA POR SUSTITU	1.840,05
C230450	LIMPIEZAS FARO, S. L.	PERIODO DEL 01/02/2023 A 28/02/2023,LIMPIEZA POR SUSTITU	1.924,75
4	MATO LUACES. LIDESIL , MANUEL ÁNGEL	LIMPEZA INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	575,96
5	MATO LUACES. LIDESIL , MANUEL ÁNGEL	LIMPEZA INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	575,96
45995261	MGS SEGUROS Y REASEGUROS, S. A.	MGS ACCIDENTES COLECTIVO TEMPORAL,Póliza 51402530,Period	212,53
893	PARQUE 7, S. L.	Servicio Laboral	302,50
R31000674194	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	cable 350 megas	66,55
R31000670390	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	20554793 plan internet 10GB,986592004 mambo,98659200	120,26
R31000670402	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986581701 solución empresa,20945352 internet móvil 3	244,75
R31000670339	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986580000 solución empresa NOBA,20411054 plan intern	763,62
R31000670349	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986581028 solución empresa NOBA,986180271 dcto 20% lín	122,84
R31000670378	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	20345077 línea 10 megas,986592037 solución empresa,9	245,62
R31000670019	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	20355572 línea 10 megas,20537807 plan internet 10GB,	103,24
R31000669850	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986580064 solución empresa NOBA,986580064 llamadas a f	72,60
R31000669858	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986585550 llamadas a fijo nacional,986585470 llamadas a	55,44
R31000669860	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986585838 solución empresa,986585838 llamadas a fijo n	61,71
TA73E0019013	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.U.	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986528449 - Pe	121,24
28-E3M0-000384	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	Movistar - Tipo de contrato: Básico	789,19



		Móvil - Nº de líneas	
28-E3M0-059004	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	Movistar - Tipo de contrato: Básico Móvil - Nº de líneas	27,83
28-E3M0-053012	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	Movistar - Tipo de contrato: Básico Móvil - Nº de líneas	25,81
YE2304EL00022110	THE YELLOW ENERGY, S. L. U.	Alquiler de equipo de medida, Potencia consumida P1, Potencia	1.008,97
9003958565	THYSSENKRUPP ELEVADORES S.L.	POR EL SERVICIO DE MANTENIMIENTO DEL NUMERO DE APARATOS	903,87
			80.417,24

Visto o informe de intervención nº 33 relativo a ditas facturas e e co obxecto de evitalo enriquecemento inxusto que se produciría se dos incumprimentos do propio Concello se derivase o impago de traballos efectivamente realizados en beneficio e interese do mesmo

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

Aprobar a continuidade do procedemento, nos termos do artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local, procedendo ao recoñecemento das obrigas recollidas na parte expositiva.

FOD - Expediente 315/2023. Licenza ou Autorización Urbanística. Reforma de aseos, substitución de cubertas e ampliación da aula de música do CEIP Plurilingüe de Silleda.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 315/2023

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 11 de maio de 2023.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.



- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).
- Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. (RIAE)

ANTECEDENTES:

1º.-Consta no expediente solicitude de licenza asinada o 10 de febreiro de 2023 por María Elena Barca Ramos, Vicesecretaria Xeral da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

Na mesma solicitude de licenza faise constar que se remite o Proxecto Básico e de Execución de reforma de aseos, substitución de cubertas e ampliación da aula de música do CEIP Plurilingüe de Silleda, e ademáis, solicítase que dada a Disposición Adicional Décimo quinta da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que indica que as administracións educativas poderán establecer procedementos e instrumentos para favorecer e estimular a xestión conxunta coas Administracións locais e a colaboración entre centros educativos e Administracións públicas, solicítase que se bonifique o imposto de construción, instalacións e obras e a taxa por licenza urbanística de acordo coa normativa do Concello.

2º.- Consta no expediente informe de supervisión do "Proxecto Básico e de Execución de reforma de aseos, substitución de cubertas e ampliación da aula de música do CEIP Plurilingüe de Silleda", asinado por Roberto Santaballa Álvarez, arquitecto técnico do Servizo de Supervisión de Proxectos e Xestión Patrimonial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que informa da corrección e integridade formal da documentación do traballo profesional presentado, o cal se axusta á normativa de aplicación, cumprindo os requisitos legais de presentación dos traballos profesionais.

3º.- Consta no expediente "Proxecto Básico e de Execución de reforma de aseos, substitución de cubertas e ampliación da aula de música do CEIP Plurilingüe de Silleda" asinado pola Arquitecta María del Rosario Dacal Rodríguez, colexiada nº 1851 COAG.

4º.- Consta no expediente informe técnico asinado o 06/03/2023 pola Arquitecta técnica da Diputación de Pontevedra, Verónica Chaves González, no que se fan constar unha serie de eivas que os interesados teñen que emendar:

"Unha vez analizada a documentación achegada, constátanse unha serie de carencias e deficiencias que non permiten discernir a viabilidade do proxectado. Polo que se deberá requirir aos interesados, nos termos do art. 354 do RLSG, a emenda e presentación da seguinte documentación:

1.- *A parcela está incluída na zona da afección da servidume aeronáutica do aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro, conforme o RD 763/2017, do 21 de xullo, polo que se modifican as*



servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Santiago (BOE núm. 216, do 8 de setembro de 2017). Polo que, en virtude do art. 30 do Decreto 584/1972 do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas, modificado polo RD 297/2013, do 26 de abril, é necesario a obtención de previo acordo favorable por parte da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) respecto das actuacións proxectadas.

2.- Nomeamentos da dirección facultativa e coordinador en materia de seguridade e saúde visados polos colexios oficias correspondentes. (Art. 353.2.e) RLSG”.

5º.- Consta no expediente requirimento realizado por parte do Concello con data 07/03/2023, sobre a documentación a emendar que se solicitaba no informe técnico anterior.

6º.- Consta no expediente a resposta ó requirimento efectuado polo Concello asinada por María Elena Barca Ramos, Vicesecretaria Xeral da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, na que se fai constar o seguinte: “... comunicámoslle que o 03/03/2023 foi enviada ao Concello a presolicitude presentada na Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) para a tramitación de servidumes aeronáuticas.

En canto á relación de técnicos que se encargarán da dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde, comunicámoslle que estes servizos aínda non están adxudicados, polo que neste momento non é posible facilitar os seus datos. En canto estea rematada a contratación dos servizos de dirección de obra, dirección de execución material e coordinación de seguridade e saúde, que en todo caso será antes do inicio das obras, achegaremos o nomeamento da dirección facultativa das obras para completar o expediente”.

7º.- Consta no expediente con data 14/04/2023 e rexistro de entrada neste Concello nº 2023-E-RC-1780, o acordo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, en favor de CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES, para a autorización en materia de servidumbres aeronáuticas da reforma e ampliación dun centro de educación infantil e primaria e do uso duns andamios, no termo municipal de Silleda (Pontevedra).

8º.- Consta no expediente documento asinado polo Alcalde do Concello, Manuel Cuíña Fernández, con data 20/03/2023 na que se responde á solicitude inicial do 10 de febreiro de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, sobre á bonificación do imposto de construción, instalacións e obras e a taxa por licenza urbanística.

“En relación á mesma compre sinalar que os deberes xenéricos de colaboración entre administracións recollidos nas distintas normas non excepciónan á normativa reguladora de cada tributo, polo que se a Consellería considera que, de acordo coas correspondentes ordenanzas, procede á aplicación dalgunha bonificación, debe actuar nos mesmos términos que calquera outro obrigado tributario.”.

9º.- Consta informe favorable da Arquitecta Técnica da Diputación Provincial, Verónica Chaves González, asinado o 18/04/2023.

O informe favorable da Arquitecta recolle o seguinte nas súas conclusións:

“Á vista da documentación presentada xunto coa análise realizado no informe técnico emitido en



data 06.03.2023, e no que se refire ao estricto cumprimento dos aspectos urbanísticos obxecto de control municipal previo á concesión de licenza de obras, e sen prexuízo doutros informes que procedan, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** o presente expediente para a Reforma de aseos, substitución de cubertas e ampliación da aula de música do CEIP Plurilingüe de Silleda, sito na rúa da Estación nº 2, Silleda, Pontevedra (Referencia catastral 1883001NH6218S0001QG), de acordo ao Proxecto básico e de execución presentado, asinado pola arquitecta D. Rosario Dacal Rodríguez (Arquitecta Colexiado nº 1.851); coa observancias das seguintes condicións:

1.- Con anterioridade ao comezo das obras, deberá achegarse o nomeamento da dirección facultativa e coordinador en materia de seguridade e saúde visados polo Colexio oficial correspondente. (Art. 353.2.e) RLSG”.

10º- Consta informe xurídico con data 04/04/2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

A distinción entre obra maior e menor implica en si mesmos importantes efectos xurídicos e leva decisivas consecuencias prácticas. Con todo, para a definición do que podemos entender como obra maior e menor aínda temos que seguir acudindo á xurisprudencia nunha gran parte das Comunidades Autónomas. Nos últimos anos, no entanto, empezaron a incluírse nas lexislacións urbanísticas autonómicas definicións máis ou menos precisas do concepto de obra maior e menor; conceptos, por outra banda, que na maior parte dos casos limitáronse a recoller as clásicas definicións xurisprudenciais existentes.

A importancia da distinción trae importantes consecuencias prácticas. Algunha delas non expón maiores dificultades de catalogación. No entanto hai supostos nos que non queda claro se estamos ante obra maior ou menor sendo que diso dependerá por exemplo, o que sexa necesario ou non proxecto, con todo o que iso á súa vez implica.

Xurisprudencia á que temos que acudir cando se nos expoñan supostos concretos que requiren una interpretación (técnica) para decidir se se trata de obra maior ou menor:



- Sentenza do Tribunal Supremo de 25 de abril de 1989 (en relación, Sentenza do Tribunal Supremo de 28 de maio de 1981 e de 21 de febreiro de 1884, 23 de xaneiro de 1916, 11 de marzo de 1978, 16 de xaneiro e 2 de febreiro de 1979, 19 de maio e 13 de xuño 1980 e 26 e 27 de maio de 1981)

- Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de febreiro de 1990 e 9 de outubro de 1990.

- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 19 de maio de 2000

- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de Málaga de 25 de febreiro de 2000 «(...) Como lembra a Sentenza do Tribunal Supremo de 9 de outubro (...) o concepto xurídico indeterminado obras maiores ou obras menores deberá aplicarse en cada caso concreto atendendo ao volume da obra, á súa transcendencia ou perigo para a efectividade da ordenación urbanística e, no último termo, á complexidade ou sinxeleza do proxecto».

- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Estremadura de 24 de outubro de 2006 (no mesmo sentido a Sentenza 29 de marzo de 2006 do citado Tribunal).

Podemos chegar á conclusión, con base á xurisprudencia, (polo menos en canto a edificacións refírese) se o proxecto técnico se esixe para as denominadas obras maiores (STS de 4 de abril de 1995 e Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 19 de maio de 2000) e o artigo 2.2 e 2.3 da Lei 38/1999, de 5 de novembro de Ordenación da Edificación establece que (...) requirirán un proxecto segundo o establecido no artigo 4 as seguintes obras (...) parece que chegamos á conclusión que estas obras do artigo 2 son as que deben ser denominadas maiores (ao necesitar proxecto técnico)].

O artigo 142 da LSG recolle as Licenzas urbanísticas e comunicacións previas:

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.

e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.



f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

g) A primeira ocupación dos edificios.

h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente

i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

No que respecta ao disposto na letra a) do precepto citado (artigo 142.2) e do artigo 351 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, non podemos perder de vista que os mesmos aluden única e exclusivamente aos «actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación; precisen proxecto de obras de edificación», as obras nas que concorran os requisitos citados serán as únicas para as cales, por tanto, será necesaria licenza urbanística.

En relación co anterior debe terse en conta que o artigo 2.2 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordeación da edificación, redactado polo número un da disposición final terceira da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, detalla as obras que, para os efectos da devandita normativa; gozan da consideración de "edificación" e requiren proxecto, sinalando as que seguen:

"a) Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha soa planta.

b) Todas as intervencións sobre os edificios existentes, a condición de que alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.

c) Obras que teñan o carácter de intervención total en edificacións catalogadas ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico-artístico, regulada a través de norma legal ou documento urbanístico e aquelas outras de carácter parcial que afecten os elementos ou partes obxecto de protección."

TERCEIRO.- PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS (artigo 143 LSG e 352 e seguintes do Decreto 143/2016)

1. As licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento



urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

Con todo, as disposicións previstas no citado precepto desenvólvense nos artigos 352 a 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, onde se describe de forma máis detallada o procedemento a seguir para a concesión de licenzas esixindo a emisión dos correspondentes informes técnico e xurídico con carácter previo á resolución do expediente de referencia; informes que deberán versar sobre a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente.

Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente:

- A determinación legal do prazo, de 3 meses, no que terá que resolverse o citado procedemento con aplicación dun silencio administrativo positivo tan só naqueles supostos nos que o solicitado non resulte contrario á normativa ou ao plan urbanístico de aplicación. Previsión a citada que debe tomarse en consideración sen obviar as previsións do art. 114 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.
- A previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei de aplicación, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

CUARTO.- Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias urbanísticas e outros títulos ou licencias administrativas necesarias en función da actividade que se pretenda levar a cabo na obra proxectada, determinando que:

- 1.- A falta de autorización ou concesión demanial ou a súa denegación -cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo se pretendan levar a cabo en terreos de dominio público- impedirá a concesión da licenza urbanística correspondente.
- 2.- Cando na obra proxectada se previse o desenvolvemento dunha actividade, será preciso concretar tal circunstancia de maneira expresa con motivo da presentación da solicitude de licenza de obras,



poñer en coñecemento da Administración municipal os datos que identifican da mesma actividade e achegar, tamén coa solicitude de licenza, a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia así como a contida no art. 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

3.- No caso de que os actos de edificación ou uso do solo e do subsolo requiran previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse licenza municipal con anterioridade á citada declaración de impacto polo órgano ambiental competente ou cando a mesma resultase negativa.

4.- Non poderá outorgarse licenza sen o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, do 10n de febreiro, do Solo de Galicia ou o seu Regulamento de Desenvolvemento; en particular, determina o art. 356 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, de conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 do mesmo regulamento.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Conceder á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia a licenza urbanística solicitada para a Reforma de aseos, substitución de cubertas e ampliación da aula de música do CEIP Plurilingüe de Silleda, sito Rúa da Estación nº 2, Silleda, Pontevedra (Referencia catastral 1883001NH6218S0001QG), de acordo co proxecto Básico e de Execución, "Proxecto Básico e de Execución de reforma de aseos, substitución de cubertas e ampliación da aula de música do CEIP Plurilingüe de Silleda" asinado pola Arquitecta María del Rosario Dacal Rodríguez, colexiada nº 1851 COAG.

SEGUNDO.- A licenza otórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e condicionada ás previsións dos informes técnicos e sectoriais que figuran no mesmo expediente

TERCEIRO.- Os interesados deberá aboar a taxa por outorgamento da licenza e demais tributos polo importe que corresponda.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

FOD - Expediente 790/2023. CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA A XESTIÓN DA REDE DE CALOR, SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE, SEGUIMIENTO, LABORES OPERATIVASE DE MANTEMENTO INTEGRAL DA REDE DE CALOR CON BIOMASA DE SILLEDA.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 790/2023

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.



De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 11 de maio de 2023.

Visto que o CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA A XESTIÓN DA REDE DE CALOR, SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE, SEGUIMIENTO, LABORES OPERATIVASE DE MANTEMENTO INTEGRAL DA REDE DE CALOR CON BIOMASA DE SILLEDA, asinado en data 28 de maio de 2019 está a piques de expirar (expdte 351/2018)

Vista a necesidade de iniciar novo expediente de contratación para tal fin.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Que polo Interventor, se procede, se informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar.

SEGUNDO.- Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

TERCEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación da xestión da rede de calor, subministro de combustible, seguimento, labores operativase de mantemento integral da rede de calor con biomasa de Silleda.

CUARTO.- Que se redacten os correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Silleda

Rúa do Trasdeza, 55, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021



